

# ROUPA TENDIDA

ATENEA GARCÍA



*scarope tulia*

## Sinopse

As maiores da casa contan que cando eran cativas coma vós, ao caer da noite, a xente sentaba arredor do lume para contar historias. Para as pequenas aquel era o mellor momento do día, pero por unhas ou por outras sempre remataban por botalas do cuarto. Aínda así, algunha delas tentaba agocharse para poder escoitar os contos e logo contarlos ás outras. Iso si, en canto alguén se percataba de que unha cativa andaba por alí, pronunciaba a frase maldita “ten conta que hai roupa estendida” . A cativa agochada ao escoitar aquel enunciado sabía que rematara a diversión e resignada saía do seu acubillo.

Co tempo aquelas pequenas foron reconstruíndo anacos de historias e se vos achegades pódovos ir contando.



## O espectáculo

Roupa tendida é un espectáculo de narración oral que procura afondar na literatura de tradición oral.

Contar hoxe os contos de onte permítenos reflexionar sobre as nosas crenzas, observalas coa perspectiva do tempo, contalas desde a visión daquelas pequenas que se fixeron grandes e cuestionaron unha e outra vez o papel das silenciadas, das subversivas, das que non tiveron voz.

Contamos o pasado para construír o futuro!



## Atenea García

Atenea García é actriz, creadora escénica e narradora oral, titulada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia no ano 2010.

Residiu durante dous anos na cidade de Buenos Aires; onde ampliou a súa formación con Jessica Pinkus e Ignacio Monna. Logo da súa volta a Galicia traballa como actriz no colectivo Avoayouja en varias das súas montaxes.

No ano 2015 fundou xunto ao músico e escenógrafo Nicolás Zamorano a compañía Xarope Tulú, dedicada ao público infantil e xuvenil. Desde o ano 2017 colabora como performer co colectivo Blanco&Roja e coa artista Alba Blanco.

No ano 2019 traballa como actriz na montaxe do Centro Dramático Galego: Neorretranca e posmorriña. Ademais, neste mesmo ano, pasa a formar parte do elenco de Mai Mai, espectáculo da compañía Baobab Teatro.

Na actualidade combina o seu labor como narradora oral co seu traballo como creadora e intérprete na compañía Xarope Tulú.

## Ficha técnica

**Creación e Interpretación: Atenea García**

**Deseño gráfico e utilería: Nicolás Zamorano**

**Fotografía: Mariola Cerdeiro**

**Idioma: Galego**

**Duración: 45 min.**

**Público: Familiar**

**Necesidades técnicas: Toma de corrente 220W**

**Espazo mínimo: 2x3m**



*Xarope Tulí*